

Bloque

Barro

Nº 11 # 2º etapa # Decembro de 2009.



impreso postal sen enderezo

O PP vota en contra de aportar fondos para mellorar e urbanizar a PO-531

A pesar da unanimidade social e da teórica unidade das forzas políticas representadas no Concello, nos últimos días o PP ven de votar, tanto no Concello como no Parlamento, en contra de aportar os fondos necesarios para que a mellora da PO-531 se poida comezar o vindeiro ano.

O pasado 26 de novembro o alcalde e o seu grupo votaba no pleno municipal contra dunha iniciativa do BNG que demandaba da Xunta a publicación do proxecto definitivo e a dotación orzamentaria necesaria para que no 2010 estea en execución tanto a mellora do PO-531, entendida como vía urbana, como a urbanización da estrada vella entre a igrexa e a entrada na autoestrada. Os mesmos puntos, pois, que

demandaba a plataforma veciñal e que o alcalde se comprometera a apoiar.

O BNG presentou iniciativas para que a mellora da PO-531 e da estrada vella en Outada comecen no ano 2010

A Plataforma presenta unha iniciativa veciñal que non foi nin tratada no pleno

Con posterioridade á celebración do pleno

sábese que a propia Plataforma presentara un escrito para o seu tratamento, e que o alcalde ocultou aos membros da Corporación. Esta actitude demostra o absoluto divorcio entre a súa acción política e as necesidades e demandas da cidadanía e a submisión aos ditados do seu partido, aínda que, como neste caso, estos ditados vaian en contra dunha postura unánime da sociedade de Barro.



Negativa do PP no Parlamento

Esta mesma postura negativa adoptou o PP no Parlamento Galego, cando rexeitou unha enmenda aos orzamentos presentada polo BNG para que se incluíse unha partida de 1,8 millóns de euros para a mellora e urbanización da PO-531 e outra de 100.000 euros para a urbanización da estrada vella entre a igrexa e a entrada á autoestrada.

2010

bng★

hai alternativa!

O bng deséxavos a todas as veciñas e veciños de Barro unhas boas festas e un 2010 no que se fagan realidade os voses anxeiros.

As mulleres e os homes do bng seguiremos a traballar para facer un concello mellor, tarefa na que agardamos seguir contando co voso apoio e a vosa colaboración.



www.bng-galiza.org





O BNG propón que os investimentos do novo Plan E se adiquen ao colexio e ao saneamento

O BNG propuxo que o Goberno local aproveite o novo Plan E para mellorar a seguridade e a accesibilidade no recinto escolar.

Así mesmo, propuxemos realizar saneamento nas distintas parroquias do concello, xa que é un servizo practicamente inexistente nas mesmas.



O BNG solicita a limpeza da rotonda das Baladas

A terra arrastrada polas chuvias acumulouse na rotonda das Baladas, creando unha situación de perigo para o tráfico rodado, polo que o BNG instou ao goberno local a que se limpase no menor prazo de tempo posíbel.

O BNG solicitou tamén a limpeza das rúas do San Antoniño, así como a colocación de papeleiras.



O BNG continúa demandando solucións aos problemas de tráfico e seguridade vial no San Antoniño

A falla de previsión no Plan Xeral do concello de Barro a respecto da conversión da N-550 ao seu paso polo San Antoniño nunha travesía urbana, unido ao desenvolvemento urbanístico do centro urbano do concello, está a ocasionar graves problemas de tráfico que afectan á seguridade vial, tanto de peóns como de vehículos.

De feito nos últimos meses, o BNG intensificou a demanda do pintado de paso de peóns e a colocación dun semáforo que regule o tráfico, e do que informamos con detalle no boletín informativo de outubro deste mesmo ano.

Pero os problemas de tráfico da N-550 non se reducen só -con ser moi importantes- a estes dous aspectos, que o nacionalismo leva máis de 10 anos reivindicando. Un dos problemas máis graves que vimos detectando teñen a ver co acceso á rúa das Baladas cando se circula en sentido Caldas de Reis, xa que neste punto está prohibido o xiro á esquerda, polo que os vehículos teñen que acceder a esta rúa polo seguinte cruce, dirección tanatorio.

Esta alternativa vese imposibilitada os domingos pola presenza do mercadillo ambulante que impide a circulación por estes viais, o que ocasiona un serio problema para os veciños e veciñas que teñen que acceder aos seus garaxes.

O BNG é consciente que é un problema que non ten unha doada solución,

dada a falla de planificación urbanística existente no plan que aprobou o PP. A pesar desta evidente limitación, a gravidade da situación fai que sexa necesario abordar con seriedade todas aquelas alternativas que poidan aportar algunha solución viábel.

Neste sentido, o BNG demandou que se remate a rúa das Baladas até a estrada provincial que une a N-550 e a Estación da Portela e se realice un estudo técnico sobre a posibilidade de facer unha rotonda no cruce da N-550 coa rúa das Baladas e o acceso ao Outeiro e á zona escolar ou, no seu defecto, no cruce co vial do tanatorio. Unha terceira alternativa no caso de que ningunha das rotondas fose tecnicamente viábel sería a colocación de semáforos no cruce da N-550 coa rúa que sube ao Outeiro e á zona escolar, que regule o tráfico de saída da mesma, e a colocación dunha pequena rotonda no lateral da N-550 no vial do tanatorio que permita, a un tempo, realizar o cruce con seguridade e o cambio de sentido.

O BNG insta ao goberno local a buscar unha solución que dea un acceso seguro á rúa das Baladas

O BNG aposta por unha mellora de Barosa respectuosa co medio ambiente

O entorno da paraxe coñecida coma Ría Barosa, constitúe unha parte importante do patrimonio natural e patrimonial do concello de Barro que é necesario pór en valor realizando as actuacións necesarias para recuperalo como un espazo para o lecer, esparcemento e educativo tanto para os veciños e veciñas de Barro como para a xente que nos visita.

Para o BNG é necesario aproveitar o valor medio ambiental e patrimonial que ten esta zona como un espazo de uso colectivo de interese ecolóxico, xenerador de riqueza e de actividade económica.

O proxecto realizado polo goberno municipal do PP, denominado "Mellora do entorno do río Barosa" adoece das necesarias medidas de conservación do entorno natural que poden supor perigos importantes de cara á modificación deste espazo.

Ao longo dos últimos anos, propúxoselle ao goberno local buscar o consenso entre as forzas políticas do concello de Barro e a anterior Consellaría de Medio Ambiente para definir unha modificación do proxecto, de forma que se orientase a mellorar un entorno que, a día de hoxe, se encontra moi deteriorado debido á realización de recheos incontrolados.

A negativa do alcalde a buscar algún tipo de acordo, obrigou ao BNG a presentar unha alegación que pretende variar aqueles aspectos máis agresivos e prexudiciais do proxecto presentado polo goberno local, e conseguir deste xeito que Barosa se convirta realmente nun parque natural.

O BNG entende que hai varios aspectos que se deberían

ter en conta nun proxecto que realmente busque a mellora dese entorno tan privilexiado:

1) O aparcamento debe aparecer recollido no inicio do parque, a carón da zona adicada a edificios institucionais, facilitando así a accesibilidade das persoas á información sobre a paraxe natural e patrimonial que van visitar.

A ubicación recollida no proxecto municipal ten un maior impacto sobre o río e o seu contorno.

2) Unha ponte de formigón tería un forte impacto, inasumíbel nun espazo de grande calidade ambiental como Barosa.

No proxecto recóllese a construción dunha ponte de formigón que uniría as dúas partes do parque. Apesar de que tería un impacto innecesario sobre o río, a súa construción suporía a apertura dun novo vial, algo que non permite nin o Plan Xeral de Barro nin a lexislación urbanística vixente.

O BNG aposta por realizar unha actuación máis blanda a través da instalación dunha ponte de madeira segura para o acceso dos visitantes.

3) A construción de escolleiras incrementará o perigo en caso de enchentes.

No proxecto aparecen recollidas a construción de escolleiras, que, nalgúns lugares, chegarían aos cinco metros de altura. O obxectivo destas escolleiras é recheo todo o espazo no que se pretende actuar, e tendo en conta que é unha chaira de inundación, o recheo da mesma vai supor un maior perigo nas enchentes para as zonas nas que non se actúa, e o estreitamento con construción de escolleiras a ambos lados do río vai provocar que se produza un maior retorno de auga cara a zona da illa e dos muiños, co prexuízo que isto pode supór.

O BNG considera que os recheos só se deben realizar na zona de entrada ao parque, onde están previstos os edificios institucionais e onde deba estar o aparcamento.



A actitude do alcalde impide consensuar un proxecto que respete os valores naturais de Barosa

O nacionalismo reforza o veto da Xunta para que as caixas galegas non sexan absorbidas por nengunha entidade foránea



O BNG presenta unha lei de caixas para que o aforro galego se invista na economía do país

O BNG tomou a iniciativa e rexistrou no Parlamento galego a primeira Lei de Caixas desta lexislatura. Trátase dun proxecto de lei que ten como vectores principais o reforzo do veto do Goberno galego sobre calquer proceso de fusión -para evitar que as caixas galegas sexan absorbidas por entidades foráneas- e a participación directa da Xunta de Galiza na xestión destas corporacións financeiras. O BNG propón que o 20 por cento dos membros das asembleas xerais das caixas sexan nomeados directamente polo Goberno galego.

O proxecto de lei foi presentado en rolda de prensa na Sede Nacional polo portavoz nacional do BNG, Guillermo Vázquez, e polo portavoz de Economía no Parlamento de Galiza, Fernando Blanco.

Na súa intervención perante os xornalistas, Guillermo Vázquez enfatizou que "o BNG toma a iniciativa nun momento económico complicado, diante da vontade clara dos poderes centrais de recentralizar as competencias sobre as caixas de aforro quitándollas ás CCAA".

"Queremos que o Goberno galego participe directamente na xestión das caixas para garantir que o aforro galego se invista na economía produtiva do País", salientou Guillermo Vázquez.

O líder nacionalista especificou que o propósito que anima o BNG a presentar esta lei é "impulsar a transparencia e democratización dos órganos de goberno, afortalar o vínculo co tecido produtivo galego e blindar a capacidade da Xunta

para garantir que as sedes sociais das caixas galegas estean no país fronte aos intentos de deslocalizalas".

Participación pública, comités de retribucións e investimentos

Tal e como explicou de xeito claro o portavoz de Economía do BNG, Fernando Blanco, "a proposta do BNG define que modelo queremos cara ao futuro porque a autorregulación non funcionou".

Os puntos básicos do modelo do BNG para as caixas galegas sintetízanse así:

- **PARTICIPACIÓN PÚBLICA.** A Administración galega estará representada cun 20 por cento dos conselleiros e conselleiras na Asemblea Xeral.
- **CREACIÓN DUN COMITÉ DE RETRIBUCIÓN.** Para garantir a transparencia. Estará composto por tres persoas, unha delas necesariamente un representante da Xunta de Galiza con competencias en política financeira.
- **CREACIÓN DUN COMITÉ DE INVESTIMENTOS.** Formado por tres persoas, tamén unha delas en representación da Xunta. Trátase de dotar ao Goberno galego dun instrumento para impulsar as súas políticas de dinamización económica.
- **ELECCIÓN DOS ÓRGANOS DE DIRECCIÓN.** Impulsaranse cambios para a democratización das caixas, nomeadamente no que ten a ver co nomeamento dos representantes dos impositores e impositoras. A súa elección, unha vez se comprobe que cumpran determinados requisitos -saldo medio anual determinado- será por sorteo directo.
- **DISPOSICIÓN ADICIONAL SOBRE FUSIÓN.** O BNG tense manifestado en diversas ocasións sobre a importancia de promover a fusión das caixas galegas e evitar que sexan absorbidas por caixas de outros territorios e, deste xeito, a proposición de lei nacionalista recolle nunha disposición adicional que "o goberno impulsará calquer fusión entre as caixas de aforro galegas se as circunstancias así o demandan".

“O BNG propón que o goberno galego elixa o 20 por cento dos membros das asembleas xerais das caixas”

Como contactar co BNG de Barro:

Teléf. 620 262 802

bngbarro@gmail.com

